**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a información da ficha técnica
CA1.2 Elaboráronse diagramas dos procesos de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría
CA1.3 Secuenciáronse as operacións do proceso de preparación
CA1.4 Preparáronse placas, foles, forros, asas, correas, pechamentos e solapas
CA1.5 Comprobase que a preparación se axuste ao deseño especificado na ficha técnica
CA1.6 Aplicáronse as medidas de seguridade para o uso de adhesivos e tinturas, e para o manexo de ferramentas e da maquinaria específica
CA2.1 Identificáronse as máquinas e as ferramentas para a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría
CA2.2 Interpretáronse os manuais e a información referentes ao funcionamento, á utilización e á posta a punto das máquinas de montaxe e de acabado de artigos de marroquinaría
CA2.3 Preparáronse materiais, utensilios e ferramentas para a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría
CA2.4 Puxéronse a punto e preparáronse máquinas, ferramentas e utensilios necesarios para as operacións da montaxe e acabado de artigos de marroquinaría
CA2.5 Realizouse a preparación e a posta a punto con autonomía, orde, método e precisión
CA2.6 Aplicáronse as medidas de seguridade na preparación de máquinas, equipamentos e instrumentos
CA3.1 Seleccionáronse materiais, accesorios e compoñentes para cada tipo de montaxe ou pechamento
CA3.2 Identificáronse os sistemas de montaxe e os seus procesos
CA3.3 Organizáronse as operacións de montaxe ou pechamento de acordo coa ficha técnica, co artigo que se vai a fabricar, cos medios e cos materiais dispoñibles
CA3.4 Montáronse ou pecháronse as pezas do artigo mediante diversos sistemas (invertido, sobreposto, adaptado e plano)
CA3.5 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión



Criterios de avaliación
CA3.6 Aplicáronse as medidas de seguridade na montaxe de artigos de marroquinaría
CA3.7 Verificouse a calidade da montaxe ou do pechamento, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corríronse as anomalías detectadas
CA4.1 Identificáronse os tipos de bases para adaptar e os seus procesos
CA4.2 Seleccionáronse os materiais e os accesorios para cada tipo de artigo, e as súas bases de montaxe
CA4.3 Organizaráronse as operacións de adaptación ás bases dos materiais ou dos artigos preparados e semiacabados
CA4.4 Adaptáronse os materiais e os accesorios aplicando distintas técnicas segundo os tipos de base (estoxos, caixas, boquillas ou moldes)
CA4.5 Aplicáronse as medidas de seguridade na adaptación de artigos
CA4.6 Verificouse a calidade do forrado e da adaptación de materiais e accesorios, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais
CA5.1 Descríronse as técnicas de acabado de artigos de marroquinaría
CA5.2 Seleccionáronse os produtos, as máquinas e os accesorios necesarios para o acabado de artigos de marroquinaría
CA5.3 Aplicáronse os accesorios sinalados na ficha técnica
CA5.4 Realizouse o acabado para a presentación final do artigo
CA5.5 Aplicáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión
CA5.6 Aplicáronse as medidas de seguridade no acabado de artigos de marroquinaría
CA5.7 Verificouse a calidade do acabado, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corríronse as anomalías detectadas
CA5.8 Etiquetáronse e envasáronse os produtos terminados

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Fichas técnicas e de produción na montaxe de artigos de marroquinaría.
Fichas técnicas e de produción no acabado de artigos de marroquinaría.
Manexo de peles, tecidos, plásticos, adhesivos, pegamentos, tinturas e disolventes.
Preparación de pezas para a montaxe ou a adaptación.
Bandoleiras, asas, foles, forros, correas, pechamentos e solapas.
Operacións de preparación.
Normas de seguridade.
Materiais, utensilios e ferramentas.
Máquinas e accesorios de coser pel, colocar forros e pechar foles e bocas.
Utensilios: tenaces, coitelas, garfos e compases de dobre punta.
Interpretación dos manuais.

**Contidos**

Posta a punto de máquinas para a montaxe e o acabamento de artigos de marroquinaría, con autonomía, orde, método e precisión.

Normas de seguridade.

Selección de materiais e accesorios.

Condições de seguridade.

Sistemas de montaxe.

Organización das operacións de montaxe e pechamento (invertido, sobreposto, adaptado ou plano) de acordo coa ficha técnica.

Montaxe das pezas interiores e exteriores.

Montaxe de bolsos de diversos usos.

Montaxe de carteiras (de executivo, de colexial e attaché).

Montaxe de compoñentes de formas, características e uso diferentes.

Control da calidade en cada operación do proceso.

Tipos base para a montaxe e os seus procesos.

Adaptación de pezas semiacabadas a boquillas.

Técnicas aplicables segundo os tipos de artigos para adaptar (estoxos, caixas e boquillas).

Funcionamento de boquillas e pechamentos.

Correcta adaptación das pezas.

Medidas de seguridade.

Control de calidade.

Técnicas de acabamento.

Máquinas e accesorios para o acabamento de artigos de marroquinaría.

Colocación de apliques e de asas.

Limpeza de artigos de marroquinaría segundo o tipo dos materiais.

Acabamentos para a presentación final do artigo de marroquinaría (etiquetaxe, recheo do artigo e embolsamento).

Condições de seguridade.

Control de calidade final dos artigos de marroquinaría acabados.

Documentación: tipos; formalización.

Aplicación dos procedementos con autonomía, orde, método e precisión.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

RA1. Prepara os compoñentes dos artigos de marroquinaría, axustándose ao deseño do produto final.

CA1.1. Interpretouse a información da ficha técnica.

CA1.2. Elaboráronse diagramas dos procesos de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría.

CA1.3. Secuenciáronse as operacións do proceso de preparación.

CA1.4. Preparáronse placas, foles, forros, asas, correas, pechamentos e solapas.

CA1.5. Comprobouse que a preparación se axuste ao deseño especificado na ficha técnica.

CA1.6. Aplicáronse as medidas de seguridade para o uso de adhesivos e tinturas, e para o manexo de ferramentas e da maquinaria específica.

RA2. Prepara máquinas, equipamentos e instrumentos de montaxe e acabado de artigos de marroquinaría, e xustifica as variables e os accesorios seleccionados.

CA2.1. Identificáronse as máquinas e as ferramentas para a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría.

CA2.2. Interpretáronse os manuais e a información referentes ao funcionamento, á utilización e á posta a punto das máquinas de montaxe e de acabado de artigos de marroquinaría.

CA2.3. Preparáronse materiais, utensilios e ferramentas para a montaxe e o acabado de artigos de marroquinaría.

CA2.4. Puxéronse a punto e preparáronse máquinas, ferramentas e utensilios necesarios para as operacións da montaxe e acabado de artigos de marroquinaría.

CA2.5. Realizouse a preparación e a posta a punto con autonomía, orde, método e precisión.

CA2.6. Aplicáronse as medidas de seguridade na preparación de máquinas, equipamentos e instrumentos.

RA3. Monta artigos de marroquinaría axustándose aos modelos e aos padróns.

CA3.1. Seleccionáronse materiais, accesorios e compoñentes para cada tipo de montaxe ou pechamento.

CA3.2. Identificáronse os sistemas de montaxe e os seus procesos.

CA3.3. Organizáronse as operacións de montaxe ou pechamento de acordo coa ficha técnica, co artigo que se vai a fabricar, cos medios e cos materiais dispoñibles.

CA3.4. Montáronse ou pecháronse as pezas do artigo mediante diversos sistemas (invertido, sobreposto, adaptado e plano).

CA3.5. Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.

CA3.6. Aplicáronse as medidas de seguridade na montaxe de artigos de marroquinaría.

CA3.7. Verificouse a calidade da montaxe ou do pechamento, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corríronse as anomalías detectadas.

RA4. Adapta pezas e materiais semiacabados a artigos de base ríxida.

CA4.1. Identificáronse os tipos de bases para adaptar e os seus procesos.

CA4.2. Seleccionáronse os materiais e os accesorios para cada tipo de artigo, e as súas bases de montaxe.

CA4.3. Organizáronse as operacións de adaptación ás bases dos materiais ou dos artigos preparados e semiacabados.

CA4.4. Adaptáronse os materiais e os accesorios aplicando distintas técnicas segundo os tipos de base (estoxos, caixas, boquillas ou moldes).

CA4.5. Aplicáronse as medidas de seguridade na adaptación de artigos.

CA4.6. Verificouse a calidade do forrado e da adaptación de materiais e accesorios, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais.

RA5. Acaba os artigos de marroquinaría e xustifica os produtos e as operacións para a súa presentación final.

CA5.1. Descríbense as técnicas de acabado de artigos de marroquinaría.

CA5.2. Seleccionáronse os produtos, as máquinas e os accesorios necesarios para o acabado de artigos de marroquinaría.

CA5.3. Aplicáronse os accesorios sinalados na ficha técnica.

CA5.4. Realizouse o acabado para a presentación final do artigo.

CA5.5. Aplicáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión.

CA5.6. Aplicáronse as medidas de seguridade no acabado de artigos de marroquinaría.

CA5.7. Verificouse a calidade do acabado, tanto nos seus aspectos técnicos como nos globais, e corríxíronse as anomalías detectadas.

CA5.8. Etiquetáronse e envasáronse os produtos terminados.

CA4.1. Descríbense os factores que cumpra ter en conta para establecer a calidade dunha peza, ou dun artigo téxtil ou de pel.

CA4.2. Identifícanse os tipos estándares de calidade en función dos produtos e dos procesos de confección.

CA4.3. Recoñécense os controis de calidade aplicables ao funcionamento da maquinaria.

CA4.4. Identifícanse as normas de calidade.

CA4.5. Valorouse a xestión da calidade.

CA4.6. Recoñécense os rexistros do sistema de xestión de calidade.

CA4.7. Caracterizouse o plan para a mellora continua.

CA4.8. Defínese o procedemento para a análise dos resultados obtidos na revisión do sistema de xestión da calidade.

CA5.1. Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección industrial.

CA5.2. Respectáronse as normas de seguridade no manexo das máquinas de ensamblaxe en confección industrial. CA5.3. Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas para a ensamblaxe e acabamentos na confección industrial.

CA5.4. Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de confección industrial.

CA5.5. Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de ensamblaxe e acabamentos coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA5.6. Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.

CA5.7. Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipos como primeiro factor de prevención de riscos.

CA5.8. Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección industrial.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os mínimos exhibibles serán os contidos da programación para cada unidade didáctica.

Os criterios de avaliación mediante os instrumentos de avaliación determinados na programación serán o xeito de avaliar estes contidos.

Os instrumentos de avaliación serán TÁBOAS DE INDICADORES de realización dos criterios de avaliación de cada resultado de aprendizaxe.

Para a cualificación dos resultados de aprendizaxe, utilizaranse unha serie de instrumentos en virtude da distinción entre contidos procedementais e resultados ou produtos realizados.

Terase en conta o rigor na súa execución, o seu grao de orde e limpeza na presentación, o interese amosado pola calidade do traballo final realizado, a cooperación e a boa relación co grupo, a creatividade e a iniciativa.

Procedementais: Valorarase a correcta execución dos exercicios e tarefas individuais, ponderando o tempo da súa realización, as intervencións nas postas en común das actividades, a autonomía, método e precisión na realización.

Conceptuais: Os contidos conceptuais valorarase mediante fichas técnicas e serán avaliadas en conxunto cos traballos prácticos. Tamén se poderan facer probas ou exames e traballos escritos para valorar os contidos conceptuais.

Resultados o produtos correcta realización, presentación e control de calidade.

Nos traballos para poder aprobar tanto nos instrumentos procedementais como nos resultados ou produtos e fichas técnicas a nota mínima ten que ser un 5 sobre 10.

De ser o caso, se poden engadir o u trocar os traballos por probas escritas. Nestes caso, como no caso dos traballos, a nota mínima na proba ten que ser un 5 sobre 10 para aprobar.

A porcentaxe da cualificación :

Estará baseada nas porcentaxes dos criterios de avaliación de cada RA.

En cada traballo se sumarán estas porcentaxes en función das táboas de indicadores.

A nota de cada unidade será a media da nota obtida en cada actividade.

Cada unidade ten a súa porcentaxe na cualificación final, xa reflexada na programación do profesor.

1. A non presentación na data fixada desas tarefas e exercicios, implicará a non superación dos mesmos. Neste caso a nota máxima do traballo será un 4. Fará media igualmente co resto dos actividades da unidade e se contará no correspondente peso da unidade para poñer a nota da avaliación.
2. As tarefas deberán acadar os mínimos propostos para cada una delas, e obter unha cualificación mínima de 5 sobre 10.
3. Se o alumno non superase algunha tarefa ou exercicio, por non acadar os mínimos establecidos, terá que entregar nas datas establecidas polo profesor a correspondente recuperación da tarefa ou facer a proba ou exercicio non superado.

As probas escritas que se realicen, estarán baseadas nos contidos e a súa cualificación se realizará por medio de puntuación de 1 a 10.

Serán 10 preguntas ou un número similar de resposta curta, desenvolvemento e/ou de tipo test, e cada pregunta terá unha puntuación de 1 punto.

En caso de ser máis ou menos preguntas, se dividirá entre elas a puntuación.

Unha vez avaliados os traballos, se entregarán ós alumnos para que os revisen.

Unha vez revisados, o profesor os gardará até despois de pasado o período de reclamacións.

Se devolverán definitivamente ós alumnos no principio da seguinte avaliación xa que non hai espazo na aula para poder gardalos até o remate do curso.

Para a súa devolución o alumno terá que firmar un documento.

No caso de que un alumno non recolla os seus traballos quedarán arquivados por un tempo e logo serán destruídos.

No caso dos exames ou probas, o profesor os gardará definitivamente, podendo os alumnos revisar a nota.

Para estas revisións o profesor entregará ós alumnos os traballos e/ou exames na clase, ou ben na hora de tutoría.

A unidade de formación en empresa se cualificará mediante a valoración feita polo titor da empresa.

Esta avaliación se realizará mediante unha táboa de indicadores de realización dos criterios de avaliación, realizada polo profesor do módulo correspondente, e facilitada ao titor da empresa, polo titor do centro de estudos nun documento.

A valoración por parte do titor da empresa, da realización dos criterios de avaliación asignados a UNIDADE DE FORMACIÓN EN EMPRESA, servirá ao profesor para poñer a nota desta unidade.

O traballo realizado na empresa colaboradora, cualificarase en función do seguimento do titor do centro e os informes do titor da empresa.

En función desta valoración, o profesor cualificará a terceira avaliación.

O peso da cualificación desta unidade está indicado na programación.

Nos convenios consta que o alumno ten que estar até o 31 de agosto na empresa. A avaliación final realizarase a principios de setembro do 2023. No caso de que o alumno non teña un desenvolvemento favorable do seu traballo na empresa se poden realizar tarefas de reforzo no centro de estudos até o remate do período lectivo.

E responsabilidade do alumno respectar as normas que lle traslade a Empresa Colaboradora, deberá cumprilas e non cometer faltas (puntualidades, asistencia, comportamento...) que puideran levar a non superar a súa estadía.

Ao remate da estadía do alumno na Empresa Colaboradora, o seu representante - titor asinará unicamente a condición de APTO ou NON APTO para dito alumno no plan individualizado.

A nota final no Centro Educativo será a resultante do peso da cualificación de cada unidade.

Na primeira e segunda avaliación a nota que figurará no boletín será orientativa, xa que so na última avaliación se pode poñer a nota real.

O resultado final establecerase en virtude da seguinte porcentaxe:

75% DA NOTA DO CENTRO EDUCATIVO.

25% DA NOTA NA EMPRESA.

A avaliación estará condicionada por:

- a. A falsificación ou copia nun exame ou proba escrita, sexa falando cun compañeiro, mirando cara a o exame doutro compañeiro, mediante o uso do tñno. móbil, ou de calquera outro xeito, será motivo de suspenso que só poderá ser recuperado nos exames finais nas datas establecidas.
- b. Igualmente, a presentación dun traballo non realizado na súa totalidade ou en parte polo alumno responsable, será motivo de suspenso que só poderá ser recuperado nos exames finais nas datas establecidas.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Realizaranse actividades de recuperación atendendo as dificultades específicas presentadas polo alumnado e ós recursos dispoñibles. Estarán baseadas na insistencia nas tarefas non superadas ás que darase unha atención individualizada segundo as circunstancias de cada alumno.

Realizaranse probas de recuperación de tipo teórico ou práctico, segundo proceda, así como os traballos o exercicios que se consideren necesarios para a correcta e xusta avaliación dos contidos.

O alumno que non superase algunha ou a totalidade das probas avaliadoras realizadas nos trimestres (exames, traballos ou exercicios), terá a posibilidade de presentarse a unha nova proba (exame, traballo ou exercicio) segundo proceda para recuperar o módulo.

Como na avaliación ordinaria, terase en conta o seguinte ao valorar os resultados:

Contidos procedementais: valorarase a correcta execución dos exercicios e tarefas individuais, ponderando o tempo da súa realización, as intervencións nas postas en común das actividades e a exposición dos traballos, así como a resposta ás preguntas do responsable docente. Terase en conta o rigor na súa execución, o seu grao de orde e limpeza na presentación, o interese amosado pola calidade do traballo final realizado, a cooperación e a boa relación co grupo, a creatividade e a iniciativa.

Conceptuais: Os contidos conceptuais valoraranse mediante fichas técnicas e serán avaliadas en conxunto cos traballos prácticos.

Para poder recuperar e necesario ter un 5 sobre 10 como mínimo, nos traballos prácticos e/ou probas escritas e prácticas.

A recuperación do traballo na empresa, de ser o caso, será no centro mediante actividades de reforzo baseadas nos criterios de avaliación e contidos da programación na unidade 1 da empresa.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Non procede: non se prevé que curse ciclos formativos na modalidade Dual, o alumnado que non asista ás actividades do Ciclo, en tal medida que puidese orixinar a súa perda do dereito á avaliación continua.

De ser o caso, poderase penalizar ós alumnos que teñan mais do 10% de faltas sen xustificar, aínda que teñan os exames ou traballos aprobados, cunha proba de avaliación adicional que consistirá en traballos prácticos e/ou teóricos baseados nos contidos da programación.

Nesta proba como no resto dos traballos ou exames, o alumno ten que ter un 5 como mínimo para poder aprobar.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación farase na WEB de PROGRAMACIONES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- a. grao de cumprimento da calendario establecido.
- b. logro dos obxectivos programados
- c. resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente obterase información a través de cuestionarios periódicos respondidos por cada alumno nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, as técnicas de avaliación, así como una valoración sobre os obxectivos acadados nas distintas unidades didácticas.

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezar o curso, nos primeiros días de clase, se realizará unha avaliación inicial co fin de coñecer ben o aprendido polos alumnos na empresa e reforzar ós alumnos obxecto do ensino e clasificar e adaptar a programación ao seu nivel. Consistirá nunha serie de preguntas sinxelas que versen sobre o Ciclo, así como os módulos que o compoñen. Pretendese así una aproximación ás habilidades e destrezas que posúen de base, a súa experiencia en actividades relacionadas con o suxeito do ciclo e as expectativas individuais dos alumnos no ámbito profesional ligado a estes estudos.

As nosas conclusións permitirannos una afinación dos noso contido, métodos, e nivel de exixencia.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na Formación Profesional o Reforzo Educativo e a Adaptación Curricular son elementos fundamentais de axuda para axustarnos ás necesidades particulares de cada alumno. Terase en conta que:

-O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor titor, que coordinará a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do Centro Educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia, nun traballo consensuado polo Equipo Docente do Ciclo.

-A adaptación curricular será necesario realizala cando un alumno non responda globalmente aos obxectivos programados. Proponanse medidas para cada dun deles e de xeito individualizado.

-Nas horas de titoría prestarase atención especial aos alumnos que necesiten axuda extra do profesor.

-Cando un alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, reforzaranse as actividades e, si el o demandase, propoñeránselle traballos sinxelos extraordinarios ata a súa reincorporación ao grupo no ritmo normal que sigue a clase.

-Reforzaránselle e axudaránselle para que no se sinta illado do grupo ó que pertence.

-No caso de alumnos que teñan un nivel superior a media, en ningún caso frearase a súa aprendizaxe, sino que se lle dará a posibilidade de realizar máis tarefas e exercicios, aumentando si cabe un pouco a complexidade dos mesmos co fin desenvolver o mellor posible o seu potencial durante o curso.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia.

Estes conceptos, así como o respecto aos compañeiros, profesores, espazos comúns, aulas, talleres e material de traballo, potenciaranse a través de diferentes actividades.

Do mesmo xeito, o respecto a toda persoa, as súas crenzas, raza, xénero, condición ou nacionalidade promoverase activamente durante todo o desenvolvemento do módulo

Os alumnos colaborarán en todas as actividades complementarias que propoña o Departamento (visitas a diferentes fábricas de calzado e marroquinería, museos, exposicións, charlas ou conferencias...).

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no I.E.S. e poidan levarse a cabo sen interromper o desenvolvemento da programación.

O seu calendario repartirase nos dous trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da dita programación.

Entre outras, actividades complementarias poderán ser:

-Visitas a empresas de calzado e marroquinería dentro e fora da Comunidade Autónoma

-Visitas a feiras téxtiles dentro e fora da Comunidade Autónoma, así como desfiles de moda e actos relacionados coa industria téxtil (confección, calzado ou



marroquinería).

- Asistencia a charlas e conferencias de profesionais vinculados ó sector.
- Visitas a museos relacionados co sector.
- Obradoiros prácticos impartidos por artesáns do sector.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía

A metodoloxía maioritariamente será expositiva e demostrativa, aínda que en algunhas ocasións promoverase que o alumno investigue para así fomentar a súa autonomía.

O equipo docente realizará tres avaliacións, unha ó remate de cada un dos tres trimestres. Cos informes das avaliacións trimestrais farase a avaliación final no mes setembro, ao remate do curso académico.

As explicacións dos contidos, actividades e tarefas complementarase con apuntes e vídeos.

Todo este material didáctico porase a disposición dos alumnos a través da Aula Virtual.

De ser o caso pode engadirse ou trocarse por unha proba ou exame para avaliar os contidos. O profesor gardará os documentos de exames e probas.

### 10.2) Recursos

Para o desenvolvemento deste módulo empregaranse os recursos existentes no Centro Educativo: instalacións (aulas - taller), maquinaria e outros bens móbiles (ordenadores, máquinas de coser, mesas de corte...), materiais técnicos (tecidos, adhesivos, fíos,...) e material docente e de estudo (libros, revistas técnicas, vídeos...)

O material (non os libros) podese prestar aos alumnos para levar a súa casa. Quedará constancia nun documento cando o levan e cando o devolven.

### 10.3) TRABALLOS

Os traballos que sexan obxecto de avaliación serán devoltos ao alumnado ao terminar cada avaliación e unha vez rematado o período de reclamacións.

Cada alumno terá que firmar nun documento conforme se lle devolveu o traballo.

O profesor quedarase coas copias pertinentes en fotografías para poder xustificar a avaliación destes traballos.